

## Dunas de Guardamar e Elx.

En torno á desembocadura do río Segura, exténdense as dunas de Guardamar e Elx.

Para frear o seu avance, que ameazaba con soterrar casas, camiños e campos de cultivo, a principios do século XX foron repoboados os 11 quilómetros que ocupa este sistema dunar.

Durante aquela labor, que durou máis de 30 anos, foron prantados, xunto con palmeiras e eucaliptos, uns 600.000 piñeiros, especie que na actualidade domina a paisaxe.

Preto da beira, as dunas están tapizadas por prantas que as estabilizan. Entre as diversas especies, atópanse o corniño de mar, E o fiuncho do mar.

Tamén abundan no cordón das dunas pequenas paradarías de *Cyperus*.

A presenza de *Crucianella martima* indica a existncia de dunas estabilizadas. Sobre elas son frecuentes outras especies, como a macela brava ou *Tecrium dunense*, especie protexida na Comunidade Valenciana.

Baixo os piñeiros desaparece a meirande parte das especies vexetais, pois a falta de luz impide o seu desenvolvemento; así, o chan fica cuberto apenas polo arume.

Nos claros do piñeiral a cotío obsérvanse pequenas herbas anuais, como *Silene*.

Máis difícil de atopar resulta a *Linaria Arabiniana*, especie endémica de flores verdadeiramente espectaculares.

O tenaz lentisco é un dos poucos arbustos que a día de hoxe perduran nas dunas.

A aparición de auga nas depresións interdunares permite o desenvolvemento doutras especies, como o tamarisco.

E os xuncos, que incrementan a biodiversidade do ecosistema.

Aínda que as aves prefiren as zonas de piñeiros para faceren os seus niños, durante as horas máis tranquilas do día acoden a zonas abertas para se alimentar. Así, sobre as dunas espidas é posible observar o gracioso movemento das píllaras.

Os réptiles atopan nas dunas o lugar perfecto para vivir, tal é o caso da lagartixa dos areais, fácilmente recoñecible pola cor da súa cola,

Ou da lagartixa rabuda, ambas protexidas na Comunidad Valenciana.

Ao norte do cabo de Santa Pola, outro cordón de dunas percorre o litoral ilicitano.

Pero aquí, as construcións asociadas ao turismo provocaron a súa desaparición nalgúns tramos.

A paisaxe transfórmase e perdemos, esperemos que non para sempre, grande parte do patrimonio natural.